

# Pezas pouco coñecidas do Museo Provincial de Lugo: Un busto feminino de porcelana<sup>1</sup>

---

Fernando Arribas Arias

**Resumo:** Con este artigo iniciamos unha serie de traballos sobre pezas pouco coñecidas do Museo Provincial de Lugo, co obxecto de profundar no seu estudo e contribuír á súa divulgación. A escolla nesta ocasión é un busto modernista de porcelana realizado na fábrica Royal Dux de Bohemia.

**Resumen:** Con este artículo iniciamos una serie de trabajos sobre piezas poco conocidas del Museo Provincial de Lugo, con el objeto de profundizar en su estudio y contribuir a su divulgación. La escogida en esta ocasión es un busto modernista de porcelana realizado en la fábrica Royal Dux de Bohemia.

Con data de 26 de xaneiro de 1958 é adquirida polo Museo Provincial de Lugo unha peza de porcelana que reproduce un busto feminino<sup>2</sup>. Pouco coñecida e nunca estudada a pesar do seu notable interese, os poucos datos que hai dela redúcense a unha breve recensión aparecida na revista *Lucus* en 1961 e a un comentario na *Guía do Museo Provincial de Lugo*, publicada no ano 2003.

Trátase dun idealizado busto feminino dunha muller nova, profusamente adornado con motivos vexetais. Realizado en tons suaves, predominan unha ampla gama de verdes pálidos aos que hai que engadir unha puntual localización de violeta e rosa, reservándose o primeiro para as flores e o segundo para os beizos.

Peiteada con raia ao medio, esta figura presenta longos cabelos que, deslizándose sobre o ombreiro dereito, chegan ata o peito. Están ornamentados con dúas flores de cor violeta (que ben poderían ser orquídeas, concretamente unha *Paphiopedilum* ou *Zapatilla de Venus*, planta exótica de orixe asiática) con acusadas follas carnosas. A primeira sitúase na parte esquerda da fronte, mentres que a segunda se atopa no lateral destro, case á altura dos ollos. Un rostro levemente xirado á dereita amosa un nariz recto e suaves pómulos, debuxándose na boca un incipiente sorriso que

---

1 Quero expresar o meu agradecemento a Jaume Coll, director do Museo Nacional de Cerámica “González Martí” de Valencia, pola información das figuras existentes no devandito museo. Tamén quero darlles as grazas a Teresa Pena Moreda, Daniel Rajal Fernández, Germán Limeres e Andrés Varela pola axuda que me prestaron nesta investigación.

2 Datos extraídos da ficha de catalogación do Museo Provincial de Lugo realizada o 17 de setembro de 1987.



nos permite contemplar os dentes. A mirada perdida deixa ver un aire de ensimesmamento.

Loce un fino vestido de aparencia traslúcida, aberto nas costas e con pronunciado escote. Está adornado cunha grande flor, semellante ás anteriores pero de maior tamaño, da que parten carnosas follas e un acusado pétalo.

No seu pé aparecen impresas a marca, formada por un triángulo resaltado de cor rosa cunha landra no centro e a inscrición ROYAL DUX BOHEMIA e un resalte con forma de rectángulo no que figura o número 507<sup>3</sup>. Ademais, aparece tamén pintada a cifra 569 xunto a unha etiqueta de papel na que pode lerse:

*Casa especial de novidades  
Bronces artísticos  
OLIVELLA Hos.  
Antigua Casa Bach  
Calle Fernando VII, 37  
y Aviño, 5  
BARCELONA*



Esta figura constitúe un bo exemplo do Modernismo, movemento desenvolto en boa parte de Europa e nos Estados Unidos entre 1890 e a Primeira Guerra Mundial. Xurdido como reacción ao historicismo academicista, esta nova corrente toma o seu nome da galería parisiña “*L’ Art Nouveau*”, aberta en 1895 polo marchante Siegfried Bing, designación coa que se coñece en Francia e Bélxica, onde tamén recibe os nomes de *Style Noveille* ou *Stylo Metro*. Non obstante, noutros países é denominado *Modern Style* (Gran Bretaña), *Jugendstil* (Alemaña), *Sezessionstil* (Austria), *Stile Liberte* (Italia), *Modernismo* (España), etc.

Unha das maiores renovacións do Modernismo realízase no campo das artes aplicadas, froito dunha reacción contra a decadencia no gusto que afectaba a estas por causa dos novos procesos de produción masiva, nas que a vulgaridade era a característica máis salientable. A influencia neste aspecto de William Morris e do movemento *Arts and Crafts* é notoria, así como a da arte oriental, sobre todo a causa da presenza do Xapón na Exposición Mundial de Londres de 1862.



<sup>3</sup> Esta cifra correspóndese coa numeración de catálogo ou modelo da fábrica, mentres que a segunda (569) sospeitamos que é un número dun inventario.



Un dos aspectos máis importantes do Modernismo foi a intención dos seus seguidores de abolir as diferenzas ente as grandes artes e as artes menores, o que se traduce nunha revalorización destas últimas, asociadas a un culto pola decoración. Neste contexto é no que debemos situar a figura que nos ocupa, produto dun momento no que se busca unha nova calidade e dignidade dos obxectos decorativos, lonxe da vulgaridade da masiva produción industrial estandarizada. A esta arte do ornato de gran calidade (tanto nos materiais empregados como no deseño) e en grande medida artesanal, só pode acceder unha minoría da sociedade, é dicir, aquela que conta cos recursos necesarios para permitir este tipo de luxos, se ben a intención dos teóricos do Modernismo era que a arte chegase ás masas. Neste aspecto a peza que nos ocupa recórdanos á Art Decó,

movemento que en parte segue as directrices estéticas do Art Nouveau pero que abandona toda pretensión de socialización da arte, apuntando a unha produción de luxo e exclusiva.

A liberdade de expresión no deseño, rompendo así cos canons academicistas, vai levar o Modernismo a unha procura da orixinalidade, dándolle así renda solta a unha desbordante fantasía.

Realizada en porcelana, trátase dunha peza singular na que predominan as formas caprichosas que lle dan un aire exótico. Nela podemos observar o gusto pola natureza tan propio do Modernismo, presente na profusión de motivos florais e vexetais cos que se adorna a figura. Esta exuberancia case domina o conxunto da composición, tanto polo tamaño das follas como pola súa abundancia. Non obstante está tratada de xeito elegante, cun deseño no que predominan as formas sinuosas e totalmente asimétricas, característica esta última aplicable a todo o busto. Cunha cronoloxía encadrada no primeiro cuarto do século XX, pero en todo caso posterior ao ano 1912, constitúe un produto de importación (tal como o demostra a etiqueta pegada na súa parte inferior e que xa sinalamos anteriormente) para satisfacer a demanda dunha burguesía que a comezos do século pasado orienta os seus gustos estéticos cara ao Modernismo.





Peza de produción industrial, pero realizada nunha industria como a cerámica na que a manufactura (deseño, elaboración de moldes, pintado, etc.) ocupa aínda un importante papel. Esta importancia do factor humano no proceso produtivo, dominado aínda en parte polo traballo en equipo, recorda os gremios medievais, dos que William Morris era gran admirador.

Cómpre dicir que no Museo Nacional de Cerámica “González Martí” de Valencia están expostas dúas figuras da fábrica Royal Dux, unha delas idéntica á que nos ocupa e a outra moi semellante, tal como se pode comprobar nas fotografías que acompañan este artigo<sup>4</sup>. Ambas as dúas están catalogadas como bustos de porcelana de estilo modernista e as súas dimensións (51,9 h × 34,5 × 23,5 e 54 h × 34,6 × 26 cm) son tamén parecidas ás do existente no Museo Provincial de Lugo (52 h × 32,5 × 21,5 cm). Coinciden tamén no número de modelo, o 507, descoñecendo a súa procedencia, pois ingresaron no “González Martí” por doazón.

### A fábrica Royal Dux Bohemia

A porcelana, considerada como a expresión máis nobre da cerámica, foi descuberta polos chineses, datando os primeiros exemplos da dinastía T'ang (618-908 d. C.), se ben se pode falar dunha protoporcelana desenvolta durante a época Han (206 a. C.-220 d. C.). Marco Polo deuna a coñecer en Europa, causando tal furor que a procura da fórmula deste “ouro branco” se converteu no obxectivo de varios países. Así, en Italia, Saxonia, Francia, etc., realizáronse diversos intentos para a súa obtención, conseguíndose a finais do século XVII a produción dunha *porcelana tierna*.

Despois de moitos anos de investigación nunhas dramáticas condicións, Johann Friedrich Böttger consegue en 1708, na localidade de Meissen (Saxonia-Alemaña), desvelar o segredo da porcelana chinesa. Axiña este descubrimento estendeuse por Europa, xurdindo ao longo do século XVIII e XIX diversas manufacturas especializadas neste tipo de cerámica.

Situada na localidade de Duchcov (Bohemia), en 1853 comeza a súa andaina a manufactura ROYAL DUX producindo, nun principio, cerámica utilitaria. Adquirida en 1860 por Eduard Eichler, convértese en E. EICHLER THONWAREN-FABRIK, firma que vai coñecer un período de prosperidade coa elaboración de produtos de *terracotta*, *faince* e *maiólica* ao estilo de Sévres, Copenhague e Worcester, polos que en 1788 obtén a medalla de prata na exposición de París.

---

<sup>4</sup> Unha das diferenzas estriba na flor que locen, que no primeiro dos casos é unha orquídea e no segundo, un hibiscus. Esta última ten un significado simbólico variado, asociándose ao “rexeitamento de amor”, no caso das que presentan unha corola abigarrada, ou de “ferida no corazón” para o vermello hibiscus tropical.

En 1898 Eichler faise coa mercadoría da Duxer Porzellan Manufaktur e cunha fábrica en Blankenhai (Alemaña)<sup>5</sup>, ao tempo que liquida a factoría de Selty, mercada en 1862. Comeza entón a produción de porcelana, saíndo dos seus fornos vaixelas e pezas decorativas, entre as que destacan especialmente as figuras humanas e de animais. Despois de 1912 comeza a empregarse como marca un triángulo rosa que alberga no seu interior a lenda ROYAL DUX BOHEMIA e unha landra cun E inscrito no seu centro, identificación que se manterá aproximadamente ata 1947.<sup>6</sup> Durante o período da *Sezessionstil* vianesa, esta manufactura acada os seus maiores éxitos grazas ao labor do deseñador Alois Hampel, conseguindo o gran premio na exposición mundial de St. Louis de 1904 e a medalla de prata na exposición de Milán de 1906.

En 1938 prodúcese a ocupación nazi, pero a fábrica Royal Dux continúa coa súa produción. Despois da II Guerra Mundial os traballadores alemáns foron desaloxados, sendo substituídos por colonos de Checoslovaquia. Nacionalizada en 1947 e fusionada coa Eichwal Porcelain and Stove Factory, pasa a denominarse DUCHOVSKY PORCELAIN. A partir deste momento empréganse marcas semellantes ás anteriores, pero a letra E é substituída polo D. Posteriormente, en 1958, intégrase en KARLOVARSKY MANUFATURA ROYAL DUX BOHEMIA, AS. A fábrica experimenta un período de incerteza (desaparición de activos, mala xestión, etc.) pouco antes da caída do goberno prosoviético na chamada *Revolución de Tercipelo* de 1989. O 1 de xaneiro de 1993 ten lugar a separación dos territorios checos e eslovacos e a creación das súas respectivas repúblicas. Neste contexto prodúcese a privatización da fábrica Royal Dux que, dende entón, inicia unha nova etapa baixo o nome PORCELÁNOVÁ MANUFATURA ROYAL DUX BOHEMIA e co obxectivo de recuperar o seu prestixio de antano, tendo como accionista maioritario a Cesky Porcelán.<sup>7</sup>

## Conclusiones

Despois do que levamos dito, coidamos que o Museo Provincial de Lugo pode sentirse orgulloso de contar entre os seus fondos cunha peza tan interesante, exemplo dun estilo pouco representado nesta institución. A existencia dunha peza igual no Museo Nacional de Cerámica “González Martí” de Valencia, ademais de constituír unha curiosa coincidencia, pon tamén de manifesto a importacia deste busto feminino.



**Busto existente no Museo Nacional de Cerámica “González Martí” de Valencia**

5 Esta factoría é vendida en 1918.

6 Varias son as marcas que, ao longo da súa historia, rexistra esta fábrica. Para unha maior información sobre este aspecto remitimos ó lector á bibliografía deste artigo.

7 Cesky Porcelán é a antiga Eichwald Porcelain and Stove Factory coa que previamente se fusionara en 1947.

## Bibliografía

ARRIBAS ARIAS, F.; CUBA RODRÍGUEZ, X. R.; REIGOSA CARREIRAS, A. *Guía do Museo Provincial de Lugo*. Lugo: Museo Provincial de Lugo / Deputación Provincial de Lugo, 2003.

DIVIS, J. *El arte de la porcelana en Europa*. Madrid: Libsa, 1989.

CUSHION, J. P. *Handbook of Pottery and Porcelain Marks*. Londres: Ed. Faber and Faber, 1980.

ESCÁRZAGA, Á. *Porcelana, cerámica y cristal*. Madrid: Ediciones Antiquaria S.A., 1994.

*Guía de Visita*. Museo Nacional de Cerámica y de las Artes Suntuarias González Martí. Valencia: Amics dels Museus de la Comunitat Valenciana & CiberMuseo Interactiu, 2000.

HASLAM, M. *Marks and Monograms of the Modern Movement 1875-1930*. Gran Bretaña: Publ. by Lutterworth Press, 1977.

RÖNTGEN, R. E. *Marks on German, Bohemian and Austrian Porcelain. 1710 to the Present*. Pennsylvania: Schiffer Publishing Limited, 1981.

TORRENT, R. e MARÍN, J. M. *Historia del diseño industrial*. Madrid: Ed. Cátedra, 2005.

TRAPERO PARDO, J. “Una variada y valiosa colección de porcelana” en *LUCUS*, Revista editada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, n.º 10, agosto 1961.